

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 03/04/2023**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/04/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27 de marzo de 2023, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2023/1154**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Iria Rey Viqueira, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 29 de abril de 2023 para realizar unha demostración de danza, en horario de 17:00 a 19:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2023/1157**

Dáse conta do escrito presentado por Alegria Activity SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública para estacionar un vehículo para actividades audiovisuais con motivo da posta en marcha do proxecto Uneche a GeneraciónD, proxecto itinerante de RTVE co obxectivo de relizar accións de comunicación, dinamización e difusión para sensibilizar e concienciar da necesidade de desenvolver as competencias dixitais básicas da cidadanía, os días 7, 8 e 9 de xuño de 2023, en horario de 07:00 a 22:00 debendo poñerse en contacto coa Concelleira de Cultura para a

fixación da ubicación concreta.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2023/1160**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación de Asociación O Sono de Lilith, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 19 de agosto de 2023 para presentación do evento de Festivalia, ocupación da Praza da II República, Praza da Peixería, Sala Principal do Auditorio Municipal e Salón García e para realización de concertos os días 25 e 26 de agosto, e 6 e 9 de setembro (para proxeccións), así como a cesión de un palco, 100 valos para peche perimetral da II República, cadro eléctrico, etc.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para ocupación de vía pública, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En canto ao uso da Praza da Peixería, Salón do Auditorio Municipal e Salón García, deberá darse conta ao Departamento de Cultura.

### **PRP2023/1183**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Longo Blanco indicando que na zona da Rúa Fondo de Vila estacionan vehículos impedindo a entrada e saída dos vehículos dos inmobles da citada rúa e solicitando a adopción de medidas

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización

tanto vertical (prohibición de parada e estacionamento a ambas marxes) como horizontal.  
Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

#### **PRP2023/1184**

Dáse conta do escrito presentado por Club Arosa SC, solicitando autorización para ocupar parte da Rúa Camilo José Cela, á altura do local social de Mulleres Rurais, os días 6 e 7 de abril xunto á entrada do CIFP Fermín bouza Brey para a realización da fase previa da IX Edición do Torneo Cidade de Vilagarcía Benjamin.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2023/1185**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación da Asociación O Soño de Lilith, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa Méndez Núñez, o día 25 de xuño de 2023, en horario de 11:00 a 16:00 horas para a celebración do día do Orgullo LGTBI.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2023/1199**

Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Rodríguez Martínez solicitando autorización para instalación dunha carpa e unha mesa informativa do Grupo Político VOX na Praza de Galicia o día 1 de abril de 2023, en horario de 11:30 a 14:00 horas. Comunícase que o Art. 53 da Lei

Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, restrinxe a realización de actos publicitarios ou de propaganda electoral ao período de campaña electoral.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

### **PRP2023/1212**

Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais en relación cos escritos do Club Baloncesto Vilagarcía para a celebración da XXVI Vilagarcía Basket Cup Helena Mariño 2023, os días 6, 7 e 8 de abril, na que se resolve a aprobación da celebración, resolvendo así mesmo:

1.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios, aseos públicos e hall do Recinto Fexdega, os días 6, 7 e 8 de abril do presente ano, solicitando presuposto á empresa Clece, S.A., por importe de 182,31 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento) con cargo ao orzamento da FPSDM. Así como comunícaselle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta para o seu uso o luns día 10 de abril do presente ano.

2.- Conceder 12 trofeos para os primeiros clasificados nas diferentes categorías e 2 trofeos para o campión e subcampión de triples, solicitando presupostos ás empresas BARRAL NÚÑEZ, MAR e DEPORTES RODAS, S.L. por importe total de 625,40 €, con cargo ao orzamento da FPSDM. Comunicarlle que no relativo a concesión de 10 recordos para os clubs participantes (infantil, cadete e junior), éstos deberán ser adquiridos polo organizador do evento.

Dáse conta de informe da Policía Local comunicando a realización de reservas de espazo para estacionamento de vehículos autorizados con motivo da celebración do Vilagarcía Basket Cup 2023, nos seguintes lugares:

- Rúa Alejandro Cerecedo nº 1-3 (Esquina Castela) 3 prazas para turismos.
- Pavillón Fexdega: para 12 autobuses.
- Praza Ramiro Carregal: (lado do regato) 3 prazas para turismos.
- Pavillón Fontecarmoa: 6 autobuses (a carón da estación meteorolóxica) + a fronte da cafetería do pavillón para turismos da organización.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar as reservas de espazo indicadas.

### **PRP2023/1213**

Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais en relación co escrito presentado polo San Martín Club de Fútbol solicitando a celebración do II Torneo Ramiro Carregal Soccer Cup, os días 7, 8 e 9 de abril, na que se resolve a aprobación da celebración.

Dáse conta así mesmo da adxudicación de subministros e servizos, seguintes, por un importe total de 556,71 € con cargo ao orzamento da FPSDM:

- Trofeos para os participantes: Mar Barral Núñez, por importe de 265,00 €
- Limpeza extraordinaria: Clece SA, por importe de 291,71 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/1214**

Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais en relación cos escritos do Club Arosa SC para a celebración da IV Edición do Torneo Cidade de Vilagarcía, categoría benxamin, Fase Previa, que se vai a levar a cabo os vindeiros días

6 e 7 de abril de presente ano, no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo e Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobada a súa celebración pola resolución, e cesión do material que na mesma se indica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1215**

Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais pola que se aproba o orzamento de gastos para a organización da XII TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO ano 2023, por importe total de 24.809,30 € e, con cargo ao orzamento da FPSDM. Acorda así mesmo a Provisión de Fondos e o seu recoñecemento de obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, para o pagamento do gasto dos Premios en Metálico, por importe total de 1.200,00 € con cargo ao orzamento da FPSDM, e remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición para os Equipos Senior, tanto da proba Open como o Campionato Galego Absoluto, conforme ao regulamento que establece a citada cota por importe de 60,00 €/equipo e, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: "FIXACIÓN DO PREZO", para a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local e acorda aprobar o prezo de cota de inscrición indicada na citada resolución, de 60,00 €/equipo.

#### **PRP2023/1218**

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre Dona Sofia López Gil e Dona Ana López Gil e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 367 m<sup>2</sup> de parcela situada na Rúa Feal-Sobradelo 8 (REF. catastral 8047214NH1184N0000KH), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM coa ampliación e mellora do vial existente en Rúa Feal-Sobradelo.

O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuita efectuada mediante o convenio. A delimitación realizarase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a cualificación do solo, coas seguintes consideracións:

- Como o camiño existente está mais alto que a parcela, se realizará un muro de contención con unha pequena cimentación elevada uns 20 cm. da rasante do camiño, a realización dun peche perimetral de malla metálica tipo hércules dunha altura de 2 metros, delimitando desta maneira a parcela do camiño e deixando unha entrada á parcela de 5 m. de longo cun portal metálico de 2 follas similar ao peche.

- A tramitación ante o Catastro e o Rexistro da Propiedade para que se proceda á redución dos metros cadrados da parcela descrita e a ampliación dos mesmos ao camiño municipal.

- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello mediante o citado convenio para incorporar ao camiño municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 367 m<sup>2</sup>, así como os compromisos que figuran no mesmo.

Dar conta ao Negociado de Patrimonio (Narciso Boullosa Túdez).

#### **PRP2023/1250**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Patricia Rañó Lorenzo, solicitando autorización para instalar un posto de churros de 6m<sup>2</sup> nas inmediacións do campo de fútbol Manuel Jimenez os días 6 e 7 de abril de 2023.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2023/1239**

En base ao informe emitido pola Traballadora Social, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor dos nenos/as da Escola Infantil Municipal do mes de marzo de 2023, dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

- Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

- Atención educativa:20.888,54€

- Comedor: 8.552,12€

- Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 22 de xullo de 2022 en concepto de Atención educativa: 9.070,49€

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 38.511,15€ con cargo á partida 323.48007 en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de marzo de 2023.

## **EMPREGO**

#### **PRP2023/1169**

O departamento de promoción económica é o responsable de levar a cabo actividades de dinamización dos mercados tradicionais de Vilagarcía.

Na procura de fomentar hábitos saudables e promover a circularidade e responsabilidade e o consumo responsable, a Concellería de Promoción Económica está a deseñar accións de concienciación dirixidas á infancia e á mocidade, como a que é obxecto da presente proposta: GYMKANA NA PRAZA DE ABASTOS, que ten como temática a economía circular.

A actividade consistirá nunha GYMKANA con temática relacionada coa praza de abastos e os

produtos comercializados nela, a alimentación saudable e a re-utilización e aproveitamento dos alimentos.

Á Vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a citada actividade, por un importe total de 220,88 euros (IVE incluído), con cargo á partida 4311.22610, conforme á oferta presentda por ASOCIACIÓN XUVENIL AROUSA MOZA, e que inclúe:

- 4 monitores (tanto na preparación como durante o desenvolvemento da actividade) materiais (mencionados na páxina anterior)
- seguro de responsabilidade civil MAPFRE
- seguro de accidentes CASER (75,68€, prima mínima)

A actividade terá unha duración de aproximada de dúas horas, e levarase a cabo, previsiblemente o vindeiro día 5 de abril, ou na data máis próxima na que sexa posible.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1248**

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade fai pública a Orde do 13 de marzo de 2022 (DOG nº 56 do 21/03/23) pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio 2023 as axudas e subvencións, en concurrencia competitiva, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais .

A través desta Orde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade subvencionará ás entidades locais que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (procedemento TR351A) co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Ainda que na Orde antes referida, o límite do número de persoas polas que se poden solicitar axuda para a súa contratación, non aparece na orde de convocatoria, consultada a Degación Territorial da Consellería, comunican que establecéuse como límite máximo de contratos a solicitar o de 10 traballadores desempregados .

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda corrixir o acordo de data 27 de marzo de 2023, de solicitude de subvención para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as (Bañistas/Socorristas) a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2023 para a realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do Municipio, solicitando a subvención correspondente para a contratación de 10 traballadores/as desempregados/as (Bañistas/Socorristas) a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2023 para a realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do Municipio, cunha aportación municipal de 1.800,3 €.

Acórdase así mesmo a contratación de dous traballadores mais para o correcto funcionamento do servizo, de ser necesario, por un importe total de 10.581,6 €.

(Partidas orzamentarias 241.131 e 241.16000).

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2023/1171**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto para a Contratación dos servizos de Deseño Gráfico do Festival clasclás 2023 e a súa adxudicación a (Dito & Feito) D. Carlos Crespo Gómez, con NIF 15373039T polo importe total de 786,50 € (650,00 € + 136,50 € do IVE) con cargo á partida 3261.22706 do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2023.

Segundo.- Aprobar o gasto para o Contratación dos servizos de imprenta para o Festival clasclás 2023 (2000 polípticos tamaño 21x40 cm) a favor de Baños Print S.L., con CIF 36252872 polo importe total de 677,60 € IVE engadido (560,00 € + 117,60 € do IVE) con cargo á partida 3261.22602 do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2023.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1172**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a Cobertura fotográfica e audiovisual do Festival clasclás 2023 e a súa adxudicación a Dona Cristina Durán Recuna con NIF 35476266P polo importe de 4.350,00 € + 913,5 € do IVE o que fai un total de 5.263,50 € e con cargo á partida 3261.22706 do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do festival clasclás 2023.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1173**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aluguer do piano Steinway & Sons D274 para a VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 e a súa adxudicación á empresa HINVES PIANOS S.L. de Madrid con CIF B18651901, segundo as especificacións que figuran na orzamento adxunto por un importe de total de 2.385,00 € + 500,85 € do IVE = 2.885,85 € e para o período comprendido entre o 26 e o 27 de de xuño de 2023, ámbolos dous inclusive, con cargo á partida 3261.205 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do Festival clasclás 2023.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1174**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Sens Catering - Cocina Gallega Contemporánea S.L.- con CIF: B 94129095 por un total de 5.750,00 € (5.227,3 € + 522,70€ do IVE) para o servizo de catering que ofrecerá logo do concerto do día 28 de xuño de 2023 da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás con cargo á partida 3261 22706 do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2023.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



**PRP2023/1175**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a distribución de entradas para CINCO concertos de balde da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 e a súa adxudicación a Fundación Galicia Obra Social (Ataquilla) con enderezo en Cantón Grande, 8. 15003 A Coruña e CIF, G-70270293 polo importe total de 302,50 € (250,00 € + 52,50 € do 21 % do IVE) e con cargo á partida 3261 22706 do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do Orzamento do festival clasclás para o ano 2023.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/1176**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o establecemento dos prezos públicos para a venda das entradas do Concerto da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás que terá lugar no Pazo de A Golpelleira o día 28 de xuño de 2023 a un prezo de 23,00 € por persoa, poñéndose á venda un total de 250 localidades a través da plataforma Ataquilla.

**PRP2023/1177**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o contrato menor de servizos a favor de Dona Alejandra Rey del Río, con NIF 35454327 B polo importe de 2.000,00 € (1.652,89 € + 347,11 € do IVE) para a realización de traballos de asesoramento, apoio técnico, coordinación e execución en colaboración coa dirección do festival e para o desenvolvemento da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023, desde a data da súa aprobación pola XGL ata a finalización das actividades previstas, e con cargo á partida 3261.22706, do Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento do Festival clasclás para o ano 2023.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/1178**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a contratación da póliza de seguro a W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España) con CIF W0371455G, conforme ao orzamento presentado por Willis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros S.A. por un importe total de 220,73 € impostos incluídos, con cargo á partida 3261 224 Primas de seguros do Proxecto de Orzamento con código 2023-3-CRRTE-4 e para a cobertura de todos os participantes na VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/1187**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a proposta da oferta pública de prazas para o curso 2023-2024, seguinte:

ESPECIALIDADE	G. ELEMENTAL	G. PROFESIONAL	TOTAL
CLARINETE	1	2	3
FRAUTA	1	1	2
GUITARRA	1		1
PERCUSION	2	1	3
PIANO	2	4	6
SAXOFÓN	1	-	1
TROMPA	-	1	1
TROMPETA	1		1
VIOLIN	1	1	2
VIOLONCHELO	1	1	2
TOTAL	11	11	22

Segundo: Aprobar o calendario de matriculación seguinte:

Do luns 24 ao venres 28 de abril de 2023: matrícula nas probas de acceso para o curso 2023-2024.

Do martes 23 ao xoves 25 de maio de 2023: matrícula para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2023-2024.

Do luns 29 ao mércores 31 de maio ( presencialmente só en horario de mañá): matrícula para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2023 para o curso 2023-2024.

A matriculación do alumnado realizarase preferiblemente online, aínda que aquelas familias que teñan dificultades en realizala deste xeito poderán acudir á Secretaría do centro para a súa formalización.

Terceiro: Autorizar á Dirección do centro para:

Publicación da oferta pública de prazas e o calendario de matriculación anteriormente sinalados así como a adopción das medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar a cabo a matriculación do alumnado do vindeiro curso 2023-2024, aspectos citados que poden estar suxeitos a cambios.

### **PRP2023/1220**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de febreiro de 2023 de aprobación orzamento presentado por D. Juan José Pintos Silva para o servizo de mantemento da páxina Web, dominio e actualizacións da Escola Municipal de Música para o ano 2023, figurando no mesmo por un importe total de 106,00 € e debendo figurar por un importe total de 121,00 €, con cargo á mesma partida orzamentaria 3262.22799.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/1100**

Vista a proposta da Concellería de Alumeado, Obras e Servizos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Multiservicios Contucho S.L. con CIF B-36449031 e domicilio social no Lugar de Saiar, Soutelo de arriba s/n, Caldas de Reis a RETIRADA E XESTIÓN PUNTUAL DOS

2 COLECTORES DE PLÁSTICOS CHEOS NO PUNTO LIMPO segundo as condicións e o orzamento que achega por importe de 140 €/t (IVE non incluído) do que estimamos un gasto total para os dous colectores de 1120€ sen IVE, e de 1.232,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/1180**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Ramon Lois SL para a reparación do tractor matrícula E-4243-BGD, do citado Servizo, por un importe total de 3.113,31 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/1190**

O día 03 de Outubro 2022 deuse conta a XGL da solicitude de axudas aos concellos destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións que se convocan para o ano 2022 pola Resolución do 23 de agosto de 2022

O un 01 de marzo de 2023 recibíuse a concesión da subvención solicitada por un importe de 14.519,49€.

O día 16 de marzo de 2023 fíxose dende o concello unha invitación de presentación de ofertas co obxecto da elaboración dunha auditoría municipal das redes de saneamento para a detección de infiltracións .

Para dar cumprimento ao esixido pola lei a invitación foi enviada mediante email as seguintes empresas :

- Diagrama Ingeniería Galicia SL,-----diagrama@diagramaingenieria.com  
pablogrov@gmail.com
- Luis Jesús Santiago Limeres ----- l.santiagolimeres@hotmail.com
- Entrepuentes Ingeniería -----info@entre-puentes.com

Na invitación incluía o obxectivo da auditoría , o contido mínimo esixido conforme o recollido no DOGA de 7 de setembro de 2022 ademais da data límite ata mércores 22 de marzo de 2023 a través da sede electrónica do concello e un prazo de execución ata 31 de maio de 2023

O orzamento de licitación:

Sen IVE	IVE (21%)	TOTAL INCLUIDO	IVE
14.999,47€	3.149,89€	18.149,36€	

Recibíuse na sede as seguintes propostas dentro do prazo antes sinalado:

CANDIDATOS	PRECIO UNITARIO	TOTAL( INCLUIDO)	IVE
Entrepuentes ingeniería SL	14.874,23€	17.997,82€	
Luis Jesús Santiago Limeres	14.948,47€	18.087,65€	
Diagrama Ingeniería Galicia SL	14.999,47€	18.149,36	

A DATA LIMITE PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN É O 30 DE XUÑO DE 2023.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor de servizos para elaboración dunha auditoría municipal das redes de saneamento para a detección de infiltracións á empresa ENTREPUNTES INGIENERIA SL por unha cantidade de 17.997,82 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.22799, por ser a oferta mais vantaxosa para o Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1216**

O día 10/03/2023 a Consellería de Medio Rural comunica RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA A PERDA DO DEREITO AO COBRO PARCIAL DA AXUDA no seu día concedida ao Concello por un importe de 11.500 ? correspondentes aos traballos de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022.

Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2023/1219**

Dáse conta de informe sobre as actividades da OMIC durante o ano 202, do que se desprende que se atenderon un total de 1.777 consultas e reclamacións, tanto de maneira presencial con horario de luns, mércores e venres, de 8:30 a 14:00 horas, como a través de teléfono de luns a venres no mesmo horario. Das citadas reclamacións e consultas 1.479 corresponden ao sector servizos e 298 ao sector produtos. Indica así mesmo que se realizan consultas e reclamacións de persoas tanto do Concello de Vilagarcía de Arousa como de outros Concellos (Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Caldas de Reis, Catoira, Valga, Meis, Portas, Ribadumia, Cambados, etc). A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **CULTURA**

#### **PRP2023/1193**

Vista a solicitude de Asociación de Festas Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa de San Cibrán en Sobradelo o 29 de maio de 2023:

- Actuación do grupo de gaitas Asociación Cultural Nós de Sobradelo, por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2023/1194**

Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra, en representación da Asociación de Festas de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Carne, o vindeiro día 17 de xullo de 2023 en Sobradelo:

- Actuación da Coral de Sobradelo, por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2023/1195**

Este ano 2023, Vilagarcía, será a única sede española en organizar o festival NEW MILLENIUM INTERNATIONAL CHAMBER, evento que no ano 2022 celebrouse con grande éxito en Budapest, e posteriormente ten previsto realizarse en outras dúas grandes cidades europeas con gran relevancia en organización de festivais, concertos.. de música clásica, como son Viena e Sofía, o que fai que a nosa cidade se posicione e sexa un referente a nivel internacional en música de cámara, sendo unha cita imprescindible para todas aquelas persoas que lles gusta e son amantes da música clásica.

O festival NEW MILLENIUM INTERNATIONAL CHAMBER, está baseado nun programa de intercambio cultural e artístico para xóvenes, sufragado con fondos europeos do programa ERASMUS PLUS, polo tanto durante unha semana estarán en Vilagarcía estudantes de diversas procedencias de Europa, entre os que se encontran alumnos/as do Conservatorio Municipal que recibirán formación, coñecementos, clases, masterclass... de maneira gratuita e impartidas por profesores recoñecidos e cunha gran traxectoria a nivel mundial da música clásica.

Este festival nace en Budapest da man da súa directora e violinista Miranda Liu, que xunto coa Asociación Cultural Musical Sociedad Filarmónica de Vilagarcía, organizan este Festival en Vilagarcía contando co apoio e colaboración do Concello de Vilagarcía a través desta Concellería de Cultura (cesión do Salón de Actos do Auditorio, Salón García e Seminario 1) e Concellería de Educación (Aulas e piano do Conservatorio)

Este festival NEW MILLENIUM INTERNATIONAL CHAMBER, acollerá 4 concertos que serán en espazos emblemáticos do noso pobo, como son PAZO DE RUBIÁNS e PAZO O CASTRIÑO, así como instalacións municipais dependentes da Concellería de Cultura:(SALÓN DE ACTOS DO AUDITORIO E SALÓN GARCÍA).

Para impartir as clases, masterclase,... que recibirán as/os alumnos/as que participan no programa ERASMUS PLUS, dos que forman parte alumnas/os do Conservatorio Municipal, será necesario o uso de distintas instalacións (Seminario 1) e do Conservatorio e materiais (piano) da Concellería de Educación e que a continuación se detallan:

AULAS: 1.1 a 1.6, - piano para práctica individual e ensaios das/os alumnas/os

-AULAS: 1.7 a 1.9, - piano para masterclass y worshosp

-AULAS: 2.1, - piano para masterclass

-AULAS: 2.3, -piano para ensaios, masterclass e ensaios de conxunto

Igualmente necesitan atriles e cadeiras

Este evento terá lugar dende o día 3 ao 7 de abril de 2023, coincidindo co Cursillo de Técnica e

Interpretación de Trompeta.

Neste escoitarans obras de BETHOVEEN, BRAHMS, BRITTEN, GINASTER, MOZART E TCHAIKOVSKY

A directora do festival, Miranda Liu, violinista encabeza o equipo do 8 artistas principais que participarán no Festival NEW MILLENIUM INTERNATIONAL CHAMBER en Vilagarcía, para ofrecer concertos, impartir másterclass e trasladar os seus coñecementos as/os alumnas/os que forman parte do programa ERASMUS PLUS. Estes artistas que paraticioan nesta actividade cutural, artística e didáca, que a continuación se detallan, contan cun prestixio e recoñecemento mundial, con premios no seu haber, son:

- Vlad Stanculeasa (violín)
- Mathiu Herzog e a galega Inés Picado (viola)
- Kyril Zlotnikov (cello)
- Adriana Ferreira (frauta)
- Darío Mariño (clarinete)
- Georgy Tchaidze (piano)

Estes concertos serán para todo o público, sendo de balde aqueles que se celebrarán no salón de Actos do Auditorio e Salón García

En canto o concerto que se celebrará no Pazo de Rubiáns, terá un prezo de entrada único de 26€, (inclúe ágape) e que se encontran a venda na páxina web do Pazo: [www.pazorubianes.com](http://www.pazorubianes.com), sendo a recadación obtida para o mesmo.

O concerto previsto no Pazo O Castriño, será exclusivo para socias/os da ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

c) LUGAR, DATA e HORA DOS CONCERTOS

DATA	LUGAR	HORA
05-04-2023	SALÓN DE ACTOS AUDITORIO (ACTO DE INAUGURACIÓN)	20:30
06-04-2023	PAZO DE RUBIÁNS	20:30
07-04-2023	SALÓN GARCÍA	12:30
07-04-2023	PAZO O CASTRIÑO	20:30

Para distintas actividades programadas neste Festival (concertos, masterclass, ensaios, clases, formación) é necesario prestar un servizo de limpeza extraordinario, nas distintas aulas e baños do Auditorio Municipal, dende o día 3 ao 6 de abril, para o cal solicítase orzamento a Empresa CLECE S.A., con C.I.F. A80364243: para a realización do mesmo.

O gasto da prestación deste servizo extraordinario de limpeza ascende a cantidade de 311,65€ (I.V.E. engadido)

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración e apoio para o desenvolvemento das actividades programadas no evento cultural, artístico, didáctico e formativo FESTIVAL NEW MILLENIUM INTERNATIONAL CHAMBER EN VILAGARCIA ORGANIZADO E DIRIXIDO POR Miranda Liu, xunto coa Asociación Cultural Musical Sociedad Filarmónica de Vilagarcía, que se levarán a cabo dende o día 3 ao 7 de abril de 2023, facendo constar o seguinte

1. Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais (BOPP 28-12-2017) e publicadas na páxina web municipal e na sede electrónica:[sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

CONCELLERIA CULTURA:

- SALÓN DE ACTOS E SEMINARIO 1 DO AUDITORIO MUNICIPAL –
- SALÓN GARCÍA
- CONCELLERÍA EDUCACIÓN: (AULAS E PIANO)
- AULAS: 1.1 a 1.6, - piano para práctica individual e ensaios das/o s alumnas/os

- AULAS: 1.7 a 1.9, - piano para masterclass y worshosp
- AULAS: 2.1, - piano para masterclass
- AULAS: 2.3, -piano para ensaios, masterclass e ensaios de conxunto
- Igualmente necesitan atriles e cadeiras

2º As instalacións e material solicitado para o seu uso, deberá ser entregado o remate da actividade nas mesmas condicións que foron prestados

3º Adxudicar a Empresa CLECE S.A. a prestación do servizo extraordinario de limpeza por importe total con IVE incluído de 311,65€. con cargo á partida 334.22700.

4º- Deberá presentar nesta Concellería de Cultura copia de Póliza de Seguro R.C. e recibo de abono de mesma.

5º-Será a cargo do solicitante ou organizador, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos.

### PRP2023/1196

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de MM.RR. de Fontecarmoa, por un importe total de 1.799,52 €, con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	CONCEPTO	CORRENTE	INVERSIÓN	TOTAL
COFRIVI S.L.	B-36042653	2 Bandexas Forno 600x400x14 1 Bandexa Forno Gastronorm 1/1	89,20€ 38,50		154,52€
ASOCIACIÓN MUSICAL AROSA BAY	G94102480	Actuación do Grupo Arosa Bay o día 1 de xullo	700,00€		700,00€
ASOCIACIÓN MUSICAL ORFEÓN DE VOCES GRAVES AROUSA	G94183076	Actuación Orfeón Voces Graves de Arousa o día 16-09-2023	445,00€		445,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	Actuación grupo de gaitas Os Terribles de Arousa o día 28-10-2023	500,00€		500,00€
		TOTAL GASTO FONTECARMOA			1.799,52€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2023/1197

Vista a solicitude de Dona Ana M<sup>a</sup> Cores Meixús, como Presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumidoras O Noso Lar, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 5 de maio de 2023, en horario de 16:00 a 23:00 horas, para a celebración dun festival benéfico para recadar fondos para Cáritas Interparroquial de Arousa, coa representación da obra "CERRADO POR BRONCA", a cargo do grupo de teatro "O Noso Lar", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 5 € e a recadación da súa venda a beneficio de Cáritas Interparroquial de Arousa.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/1189**

Dáse conta da proposta do Concelleiro de obras, alumeado público e relacións veciñais para aprobación do proxecto técnico denominado "Ampliación da rede de pluviais na rúa Campanario en Vilar Bamio":

Na actualidade a rede de pluviais recolle as augas procedentes da estrada PO-192 e atravesa a través de parcelas privadas ata a rúa Campanario onde se canalizan a través de gabia existente e de aí discorre a ceo aberto aos terreos augas abaixo da citada rúa.

Debido ás construcións existentes, interrompeuse o curso natural do drenaxe de augas, provocando inundacións recorrentes os días de precipitacións intensas, motivo polo cal se proxecta esta ampliación da rede.

Concretamente, as obras que se pretenden acometer consisten basicamente en:

- Completar os tramos de recollida de pluviais con tubaxes de PVC SN4 de Ø500 mm e un ramal de Ø315 mm, pozos de rexistro prefabricados de formigón e embornais con marco e tapa de F.D. D-400.
- Corte, escavación e reposición de pavimento de MBC tipo D-12 AC 16 50/70 D, con espesor de 5 cm previo rego de adherencia de 1 kg de ECR-2, no tramo de vial e escavación de terras, recheo de gabia en tramo de parcela privada.
- Execución de embocaduras con aletas de formigón e canle de escollera natural de pedra.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 66.789,60€ (IVE engadido).

O prazo de execución establecido na referida memoria valorada é de 2 meses.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto denominado "ampliación da rede de pluviais na rúa campanario en vila bamio", redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 66.789,60€.

### **PRP2023/1206**

Dáse conta da concesión de subvención da Deputación Provincial ao Concello de Vilagarcía de Arousa no marco do Pan Concellos 2022-2023 Lña 1- Investimentos (anualidade 2023), con destino ao financiamento do investimento "Mellora de Accesibilidade ao Centro de Formación de Matosinhos", por importe de 174.014,80 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/1217**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Obras, Alumeado Público e Relacións



Veciñais para adxudicar o contrato menor de obras de ampliación da rede de saneamento e abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo:

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado “Proxecto básico e de execución para a ampliación da rede de saneamento e abastecemento na rúa Rianxeiro (Cornazo)”, redactado polo enxeñeiro industrial don Miguel Ángel Fariñas Martín, cun importe de licitación de 29.242,52 € (IVE engadido). Consta no expediente escrito recibido do servizo de Augas de Galicia, de data 13 de marzo de 2023, aos efectos de comunicar que a obra de referencia cumpre co disposto no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas e por conseguinte ten a consideración de obra menor no Dominio Público Hidráulico e zona de policía.

A Deputación Provincial de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial de data 16 de marzo de 2023, concedeu subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, Liña 1 Inversións (anualidade 2023) por importe de 29.242,52 euros, con destino ao financiamento do investimento “Ampliación da rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo”

As obras obxecto do contrato de referencia veñen motivadas pola necesidade de solventar os problemas de saneamento e abastecemento na rúa Rianxeiro en Cornazo.

A memoria técnica valorada relativa a “Ampliación da rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo” describe os traballos necesarios para conseguir a ampliación destes servizos de saneamento e abastecemento na rúa de referencia. Nomeadamente, o documento técnico inclúe actuacións de colocación de tubaxes de impulsión de augas residuais independentes para cada vivenda, de PEAD Ø 63 mm. PN 10, dende a arqueta situada na rúa pública no límite da propiedade ata a conexión coa rede de saneamento xeral mediante pozo de rexistro. A súa vez, proxéctase ramal para rede de abastecemento dende a rúa Souto con tubaxe de PVC Ø 63 mm., coas súas respectivas arquetas situadas no límite da propiedade

Por todo o exposto, considérase imprescindible levar a cabo a obra de “Ampliación da rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo”, para proporcionar uns servizos municipais de saneamento e abastecemento correctos aos veciños e veciñas das vivendas sitas na rúa Rianxeiro.

De conformidade co proxecto técnico, o orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 29.242,52 € (IVE engadido).

